

## XIV EXPOSICIÓN DE CEFOFEITA

Lugar de encontro. Tendas e tabernas de Lérez.

*Xaime Iglesias González*

Aínda que nalgunhas se servían comidas, as tabernas caracterizábanse por seren lugares de consumo masculino de bebidas, especialmente viño. As mulleres debían beber discretamente e, de por parte, habían ter unha desculpa para facelo: unha dor de barriga, unha festa ou unha voda. En Lérez houbo tabernas deste tipo como a do Cazador, de curta duración ou a do Carranco que desde 1934 aínda funciona hoxe. Tamén atopamos tendas que vendían alimentos e outros artigos non alimentarios. A de Remedios, que só accidentalmente servía viño ou copas, a de Gama no Socorro ou a de Filgueira no Arco, aberta durante pouco tempo, son algúns exemplos. As tendas tradicionais diferenciábanse doutras tendas que tamén vendían ó público mercadorías polo miúdo (tendas de roupa, mercerías, ferreterías, tendas de coiros e curtidos, droguerías, etc) en que estas eran máis especializadas e habitualmente chámaselles comercios.

En Lérez houbo tendas con certa especialización como as mercerías, das que destaca a da Candiña na Pedra Picada que tamén vendía roupa de nenos e as carnicerías, sendo a máis duradeira a de Veiga no Socorro. Ademais localizamos pequenas tendas nas que se palpaba a escaseza da época, pero paradoxicamente tamén se pode albiscar nelas unha especialización, sen dúbida obrigada. Carne a Chosca vendía froitas, ovos e pouco máis; semellante era a tenda de Matilde a do Calacú quen, aínda que non coñecía os números, nunca se equivocaba ó facer as contas; Esperanza a Tobía vendía chourizos, unto, touciño fresco e similares; Hortensia poñía á venda na antiga taberna do Pinchela a froita e o viño que ela mesma lle coidaba na horta. Pódense incluír dentro deste grupo outros puntos de venda como un quiosco de lambonadas no Empalme, ó lado da de García, ou o posto de froitas e verduras de Teresa a Tuca, pero, se cadra, o caso máis chusqueiro sexa o da señora Manuela a Carrancha que poñía a vender diante da

súa porta os zapatos usados que lle regalaban nas casas de Pontevedra ás que lles lavaba a roupa; a xente chamáballe a de Luís XV por seren zapatos pasados de moda.

Outro tipo de establecementos da exposición son os bares como os de Perfecto, O Santo, O Sótano e outros, Tiñan certa similitude coas tabernas, pero, se cadra, mostraban un toque de modernidade e ofrecían unha migalla máis de luxo. O bar Pasarón foi un dos máis populares, tanto é así que a súa primeira propietaria, Josefa Tilve, era coñecida por señora Pepa a do bar, porque para dicir bar Pasarón bastaba con dicir bar. Aínda que no interior tiña unhas grandes letras que dicían Bar Miracrós, este sempre foi coñecido pola de Rafael, onde o bonequeiro Barriga Verde ten participado en máis dunha troulada. Non faltaron os restaurantes como Casa Barbeito, na Cendona, que ademais tiña fonda onde se hospedaron algúns altos cargos da fábrica Cros cos que chegou a ter unha forte amizade, dándose a circunstancia de que un dos fillos dun químico holandés, pasado o tempo, casou cunha neta do propietario, o señor Pepe.



*Sr. Pepe o Barbeito e Jonr, o seu futuro xenro*

O Mesón Tangüik, na Piolla, era máis moderno e só tivo cinco anos de duración. Foi moi popular A Paella cuxo propietario tiña unha filla casada cun dos

componentes do grupo musical Los Tres Soles del Paraguay que amenizaban xantares e ceas no propio restaurante.

Volvendo ás tabernas e tendas, cómpre dicir que, en moitos dos casos, en cada taberna tamén había tenda, é dicir, tenda tradicional e taberna funcionaban xuntas coma unha soa unidade. Estes establecementos, ademais de dispensaren bebidas, comestibles e outros artigos, realizaban outras funcións. Eran lugares de ocio e convivencia fundamentalmente masculina. As mulleres acudían á tenda pola mañá na procura de víveres e outras provisións para o goberno da casa e, de paso, botaban as súas parrafadas. Poucas grazas! Pero eran os homes os que, a partir da noitiña, xogaban disputadas partidas de brisca de seis, tute ou dominó; os que os domingos participaban nos emocionantes concursos de chave; os que cantaban harmónica ou desafinadamente e os que conversaban de todo: o mesmo falaban das colleitas que contaban chistes; se se terciaba arranxaban o mundo ou planeaban como entreter un veciño na taberna mentres outros lle quitaban o portal a noite de san Xoán.

Cando un forasteiro chegaba a un lugar na busca dunha persoa ou interesado na compra dun animal ou doutro ben moble ou inmobile, dirixíase á taberna ou á tenda. Aquí, entre propietarios e clientes dábanlle as indicacións necesarias, cando menos, para poder seguir as súas pescudas. A taberna cumpría así un labor informativo o mesmo que o cumpría á hora das noticias da radio naqueles tempos nos que a precaria economía non permitía que nos fogares houbera un transistor. Os clientes máis motivados politicamente, nas décadas dos corenta ata comezos dos sesenta, escoitaban, a partir das once da noite, Radio Andorra para saberen noticias que aquí o réxime censuraba ou Radio Perinaica que, ademais, lanzaba proclamas antifranquistas. Había que facelo con precaución, pendentos de se chegaba a garda civil en cuxo caso había que suspender a audición. Máis relaxadamente escoitábanse os partes de noticias, en especial o das dez da noite, que Radio Nacional de España retransmitía obrigatoriamente a través de todas as emisoras españolas. Por haber moitos emigrantes en América, tiveron moitos oíntes as novas dos conflitos sociais arxentinos que rematarían co derrocamento militar do presidente Perón en

1955. Tamén foron moi escoitadas as accións da guerrilla de Fidel Castro ata a toma da Habana (1959) e o seu acceso ó poder en Cuba.

Na maioría das tendas, os clientes compraban a fiado. O tendeiro ou a tendeira anotaba nun libro os gastos que ía facendo cada cliente que normalmente pagaba o domingo, pois daquela os salarios aboábanse na tarde do sábado de cada semana. Así que, as tendas eran como entidades de crédito e, nalgúns casos, tamén de financiación. Por exemplo, Eudosa, no Socorro, financiaba compras de artigos que ela non vendía e que os seus clientes facían en certos comercios de Pontevedra con ela concertados como Simeón e Olmedo.



*Tumbas e Panteóns*

Algunhas tabernas foron sede máis ou menos formal de grupos e entidades da parroquia. Na taberna de Rajo de Casal Novo reuníase a *Peña Malasuerte* que xogaba semanalmente a quiniela. O bar Pasarón foi durante varios anos o lugar de reunión da directiva do Club Deportivo Lérez. A Mutua Ganadera de Castelo y Casal Novo tivo como sede a taberna de Constante Estévez, o Chapela. E por poñer outro exemplo, nas tabernas do Chosco e do Novo da Pedra Picada, os días que había fútbol no Pasarón, xuntábanse algúns afeccionados para

tomaren un café e colleren o cartel de *Hai que roelo* que animaba ó Pontevedra nas tempadas que estivo en primeira división.

Estas e outras funcións das tabernas xustifican o título da nosa exposición: *Lugar de encontro*. Pero non faltaron nelas momentos de desencontro. Foi máis frecuente do desexable que nas tabernas se dirimisen deferenzas entre veciños que daban lugar a alporizadas discusións que, ás veces, coas cabezas quentes, remataban en fortes pelexas. Unha das máis sonadas liortas tivo lugar na de Cons (Conexo) da Cendona a comezos da década dos anos trinta do século pasado. Foi tal a violencia empregada polos dous bandos enfrontados que destrozaron materialmente o interior da tenda, polo que os seus propietarios acordaron pechala de alí a pouco.



*Recanto da exposición*

Moitas das tendas da exposición “colaboraron” na distribución do racionamento de alimentos desde a súa implantación tras a guerra civil ata a súa desaparición, iniciada progresivamente no ano 1952 coa autorización de venda libre do pan. A adquisición de alimentos estaba controlada polo goberno por medio dunha “cartilla de cupones” que se lle daba a cada familia. Cos cupóns podíanse mercar semanalmente aqueles produtos que se estipulaban. O goberno tentaba paliar así as catastróficas consecuencias da guerra e do illamento internacional do réxime franquista. A maioría da poboación pasaba fame, pois á escaseza de alimentos uníase a escaseza de diñeiro para mercalos. Era frecuente que moitas familias non puidesen comprar todos os artigos que lles correspondían no xa escaso racionamento e, para adquirir parte da ración, víanse obrigadas a vender algúns artigos, sobre todo, aceite, azucre e fariña. Normalmente era

o propio tendeiro quen llos compraba e logo vendíaos no mercado negro. Eran tempos nos que se mercaba un real de pemento, unha peseta de azucre ou un cuarto quilo de fariña, todo pesado nas balanzas de dous pratos e envolto en papel de estraza. O aceite vendíase por cuarteróns (unha oitava parte de litro) e o viño, acuartillado (o cuartillo equivalía medio litro) medidos con medidas de folia de lata co seu chumbo acuñado, símbolo de legal contraste. Naquelas tendas cun só coitelo, iso si, grande e de bo gume, o mesmo se cortaba unha folia de bacallau que unha barra de xabón ou un cacho de queixo. Claro que, entre corte e corte, limpábase cun pano, que hoxe diríamoslle de *usos múltiples*, que remataba adquirindo a esencia de todos os produtos, pois, se cumpría, con el tamén se limpaban as mans, as mesas e o mostrador. É certo que estas tendas e tabernas pouco e pouco foron incorporando procedementos máis modernos e axeitados. Así xurdiron sobre os mostradores os medidores de aceite e as balanzas de agulla que habían desaparecer ó xeralizarse o envasado da maioría dos produtos.

Había tendas e tabernas que tiñan estanco (a Xicra, Laura, o Cacheiras...); outras tiveron centraliña telefónica (o Calacú, no Castelo) e o correo estaba nas do Rapeiro da Pedra Picada. Cándido tivo un almacén de patacas que repartía pola parroquia cun isocarro e moitas delas daban comidas e facían callos, especialmente por san Benito e os días de feira como o Redabouxo e o Pícolo; unha vez a filla deste derramou un taza de tinto sobre o cura de Campañó, cliente habitual, quen espontaneamente tomou o nome de Deus en van diante do abraio dos presentes. Moi significadas eran as tabernas con baile. Simón, en Casal Novo, ofrecía bailes que el mesmo amenizaba tocando o acordeón. O Virote, na Ferreira, antecedente do Peilán, foi lugar de encontro de mozos e mozas ata que un día o piso veuse a baixo e os asistentes caeron na corte das vacas; aínda que non pasou nada grave, a xente cantaba: No baile do Virote, / mandou carallón, /caeron á corte, / romperon os pantalóns. Tamén na Cendona, o Conexo organizaba periodicamente bailes, o mesmo que Paco o Canexo na Piolla que aínda conserva o palco onde moitas veces tocara o Simón. Pero, sen dúbida, o baile máis moderno e animado da parroquia foi o xa citado salón Vista Alegre no que actuaban sonadas orquestras como Florida, X, Poceiro e Montes.

Pero as tendas e tabernas de máis avoengo eran as que vendían de todo ou de case todo. A do Rapeiro era como un pequeno hipermercado, tanto se podía mercar unha camisa ou un caderno de caligrafía inglesa coma un sachó ou un perfume. Nelita o mesmo che vendía unha gravata ou un fouciño que che servía unha taza de viño. O Molinero, ademais de todo tipo de comestibles, vendía outros artigos como sulfato, patacas da semente... e daba pensión chegando a ter máis dunha ducia de hóspedes. Ramiro, no Arco, tiña unha tenda-taberna moi ben arreada; aquí organizaban banquetes os políticos de Pontevedra.



*Estantería da taberna de Ramiro*

O interese dos herdeiros permite que aínda hoxe se conserve a estantería, plenamente integrada na decoración do salón, así como numerosos utensilios. Na do Chosco paraban a xantar campesiños que traían en carros de cabalos produtos do campo para vender en Pontevedra, incluso tiña servizo de atención ós animais: un eirado grande, auga, palla, herba, etc.

Podemos citar aquí dúas entidades singulares. A Caixa Rural de Lérez (1926-1936), con sede social no Empalme (hoxe edificio dedicado a farmacia). Era unha cooperativa comarcal agrícola e de crédito, fundada polos agrarios da parroquia, sinaladamente Manuel Gama Caslderrey. Chegou a ter centos de socios de distintas parroquias do concello ós que vendía apeiros de labranza, sementes, roupa, comestibles, etc. a prezos moi favorables. Tamén tivo un bodegón en Pontevedra para comercializar o excedente de viño dos campesiños da parroquia. De máis curta vida foi Juventud Lerezana (1929-1936) que tivo o seu último

domicilio social na hoxe rúa Leandro del Río, 12. Era unha entidade de carácter cultural e recreativo que organizaba clases nocturnas, conferencias, coros, bailes, etc. Nunha parte do edificio -levantado con aportacións dos veciños (1933), incautado en 1936, e posteriormente dedicado a escola, teleclub e sede das entidades parroquiais- funcionou un bar. Aínda que de distinto xeito, ambas as dúas entidades viron coutadas as súas actividades a causa da guerra de 1936.

A explotación dos establecementos era de tipo familiar onde a muller tivo un protagonismo destacado. En máis da metade dos casos eran elas as que atendían o negocio exclusiva ou maioritariamente, de aí que moitos deles eran coñecidos polo nome, apelido ou alcuño da muller. Por exemplo, Ramona, Recacha, Josefina Recarey ou a Xicra. Os homes, aínda que colaboraban, traballaban de carpinteiro, canteiro, administrativo, albanel, policía..., pero a ocupación maioritaria estaba no campo, algúns de cuxos produtos, especialmente o viño, vendían logo na tenda. Ás veces notábase unha certa distribución horaria: a muller despachaba durante o día e o home facíao pola noite onde a concorrencia masculina era maior. Sen excluír outras calidades nin outros exemplos, nas tendas e tabernas houbo mulleres emprendedoras e decididas como Eugenia que comenzou vendendo froita na rúa e rematou tendo una tenda competitiva, farturentas como Ramona que ofrecía peixe frito e castañas asadas para acompañar o viño de Barrantes, afables como Nelita que sempre tiña unha palabra de agrado para os clientes, serias como Ida a do Rapeiro que parecía que nunca rompería un prato, populares como Eudisia aprezada en toda a parroquia, discretas como Aurita a de Benigno a quen moitas veciñas confiaban os seus segredos. Sen estaren directamente ó público, houbo mulleres moi implicadas no negocio, sobre todo na cociña. Así, por exemplo, Felicitas, muller do Cacheiras, preparaba saborosos pratos que, se o tempo o permitía, eran servidos debaixo da parra que había sobre a beirarrúa; á señora Lola a do Chosco (Lurica) ían felicitala á cociña os comensais; Fina a do Molinero cociñaba con gusto para unhas corenta persoas diarias.

Houbo familias de forte tradición taberneira. Os Gama tiveron tenda no Socorro e Casal Novo, rexentaron un bar en Pontevedra e aínda están hoxe instalados na praza do peixe cun posto de ultramarinos. Os Rapeiros, Manuel (o Correo) e Juan (o Chosco)

tiveron cadansúa tenda na Pedra Picada e Benigno, xenro de Juan, abriu unha popular taberna en Casal Novo. A de García (Manuel García Barreiro) foi unha tenda de tres xeracións que, malia a ser rexentada posteriormente polo xenro Juan Calvo e despois polas fillas deste Lola e Pilar, sempre se chamou a de García. Tamén o Carranco (José Cons) abriu a taberna na Torre que despois foi rexentada polo fillo Enrique e actualmente faino a neta Mercedes. De dúas xeracións hai moitas tendas e tabernas: a da Recacha, a de Laura, o Barbeito, etc.



*As dúas xeracións da taberna do Chosco*

Semella que algúns locais naceron para estaren destinados a negocios. Na porta do Sol, onde hoxe está Hermanos Veiga tivo tenda José Cons (non era o Carranco), despois foi a de Benito e posteriormente continuou co negocio a irmá Nelita. Outro caso semellante é o da Resteba, no Arco, que despois foi a de Malvar e actualmente é Entre Meigas. De dous propietarios no mesmo local hai moitos casos, por exemplo, Rajo abriu en Casal Novo onde antes tivera Juan o Becho; tamén o Cacheiras puxo no Arco despois de que Valentín Cobas se trasladara desde aquí á Piolla; Carme a Costa, no Socorro, deixoulle a tenda e o estanco a súa empregada Luísa Cons. Tamén houbo establecementos que cambiaron de sitio. Poñamos por caso a Recacha de Casaldarado que modernizou a taberna ó pasar para unha casa próxima; mesmo lle ocorreu a Ramiro no Arco; Tino o Calacú que estivo en tres locais distintos do Castelo.

A orixe dalgunhas tabernas está relacionada coa emigración. Vexamos algúns exemplos. Florentino Casas (Tumbas e Panteóns) abriu a tenda despois de vir da Arxentina. O García fixo casa e puxo taberna no Empalme despois de volver de América.

O Perillón estivera na Arxentina por iso tamén lle chamaban o Che. Ramón Dios, o Pícolo, estivo en Cuba e ó volver puxo na Ferreira. O Cunchiñas puxo na Porta de Sol ó vir de Venezuela. Benigno estivera en Cuba e Nova York antes de abrir en Casal Novo. Divina do Cruceiro, estivo en Brasil e o marido, Antonio, traballou, ademais, en Alemaña. Tino o Calacú colleu a taberna dos pais despois de vir do Brasil. Ramiro do Arco estivo en Cuba moitos anos. Noutros casos, os propietarios de tendas e tabernas pecharon os seus negocios e emigraron en busca de mellor sorte. É o caso, entre outros, de Juan o Becho que marchou ó Brasil e Esperanza a Tobia, a Venezuela

Algunhas tabernas foron sensibles a certos acontecementos que, segundo os casos, influíron na súa ubicación, evolución e pervivencia. Cando se abriu a estrada de Campolameiro, Sebastiana Cons trasladou a taberna que tiña no Camiño Vello ó lugar do Socorro para seguir mantendo a clientela que despois ía pola *carretera nova*. O Carranco adquiriu o dereito de paso desde esta estrada ata o Camiño Vello para que os asistentes ós bailes de Juventud Lerezana puidesen acceder á súa taberna con facilidade. Constante Estévez tivo que deixalo todo, incluída a taberna que tiña no Castelo, ó ser perseguido tras estalar a guerra civil. A presenza da fábrica Cros, ademais de contribuír ó aumento de clientela das tabernas da redonda, influíu na dedicación a restaurante e fonda da casa Barbeito. O establecemento dos autobuses de liña a Xeve e Verducido mermou os seareiros das tabernas da ruta e algunha, coma o Molinero, traspasouse e rematou pechando de alí a pouco. O trazado da estrada do Castelo por Figueiró e a posterior posta en funcionamento do autobús influíu na decadencia da taberna de Benigno en Casal Novo. A Americana comezou a dar comidas cando se instalou nas proximidades da Ferreira fábricas de sofás e ventás, algúns de cuxos operarios xantaban alí. A facilidade de adquirir furgonetas substitutivas dos carros de cabalos dos agricultores de Briallos, Corón, Cambados, etc. que viñan vender a Pontevedra afectou negativamente a tendas que, coma a do Chosco ou o Molinero, daban de comer a aquela xente. O mesmo efecto produciron a decadencia das feiras, a xeralización dos turismos particulares e a aparición dos supermercados cuxa competencia non puideron soportar as tabernas e tendas tradicionais. Só sobreviviron

aquelas que dalgún xeito se modernizaron: o Carranco transformouse en bar, na de Benito/Nelita puxeron un supermercado e na da Resteba/Malvar existe un mesón.

Para identificar e nomear os establecementos, a xente botaba man do nome (Eugenia, Felisa, Cándido, Apolinar...) ou do apelido do propietario/a (Novegil, Simón, García...) Non faltaron establecementos coñecidos por un nome que lles puxo o propietario, como por exemplo a Americana ou Cayper que se ía chamar Cayser (calidad y servicio), pero por un malentendido ó encargar o cartel rematou sendo Cayper. Con todo, o máis frecuente era recurrir ó alcuño do propietario ou da propietaria. Unhas veces eran alcuños da familia como o Cunchiñas, o Redabouxo, Carme a Coxa ou a Lanuda. Outras, xurdían dunha cualidade da persoa, como, a Risueña polo carácter alegre de María Andrade, o Chuchajuesos xa que José Carballo era un home enxoiro de carnes ou o Chosco porque o señor Juan o Rapeiro (outro alcuño) tiña un ollo grollo. O seu fillo Pepe, ó herdar a taberna, tamén herdou o alcuño, malia ter ben os dous ollos. E cando puxo o salón de baile ó lado da taberna, a pesar de bautizalo coa eufónica expresión *Vista Alegre*, a xente falaba do baile do Chosco e a el nunca lle chamaron Pepe o *Vista Alegre*. A prevalencia dun alcuño sobre un nome imposto a un establecemento atopámolo noutros casos. No Arco, Teresa Casalderrey púxolle á súa tenda Airiños de Lérez, pero sempre foi a de Teresa a Matapitos ou, se acaso, a de Teresa a Matías. Tamén o bar Maduro, na Chan de Muíños, tiña por nome oficial bar Líbero pero a xente prefería identificalo con Maduro que era o nome do camiión co que traballaba o seu propietario, Ramón Bargo. Algo semellante lle pasou a Florentino Casas que lle puxo á tenda La sin Rival, pero todo Lérez a coñecía como a de Tumbas e Panteóns, se cadra pola semellanza da fachada do edificio coa dun panteón de cemiterio. Algúns establecementos eran coñecidos simultaneamente por dous alcuños, como o Calacú/o Peliños –no Castelo- que eran da mesma persoa, e tamén se dan casos de pervivencia do mesmo alcuño a pesar de cambiar de dono, como o Repolo ou o Peilán, este último alcuño aínda pervive hoxe a pesar de que a taberna está rexentada por unhas mozas.

A exposición Lugar de encontro programouse para estar aberta no mosteiro de Lérez os días 2, 3, 4, 5 e 6 de agosto, pero prorrogouse un día máis dada a afluencia de público. Os setenta e dous establecementos mostrados ubícanse cronoloxicamente desde finais do século XIX ata aqueles cuxa apertura ocorreu hai vinte e cinco anos. A maior antigüidade osténtana tendas como a do Rapeiro/o Correo na Pedra Picada, a da Ghabardina (Sebastiana Cons), antecedente do Molinero, no Camiño Vello e despois no Socorro ou a de Bernardo Estévez da que só sabemos, pola *matrícula industrial*, que vendía aceite e vinagre, aínda que sospeitamos que baixo este epígrafe había vender outros artigos. Da maior parte dos establecementos mostráronse fotografías das instalacións e dos propietarios acompañadas de cadansúa breve reseña identificativa, distribuíndose todo o conxunto en once paneis máis un cun mapa de situación. Xunto con estes recursos gráficos, mostrouse unha abundante selección de obxectos propios de tendas e tabernas daqueles tempos que ían desde bocois, muíños de café, medidores de aceite e básculas ata copas, cuncas e coitelos, pasando por cuños, carnés profesionais, cartuchos e outros obxectos. Algún deles curiosos e sorprendentes como unha luz de carburo de brazos, un libro de contas onde certas mercadorías se anotaban por arrobas co símbolo -@- que hoxe adquiriu outros usos, e un gaiteiro, propaganda da sidra asturiana, realizado en relevo con tecidos de feltro, protexido dentro dunha vitrina que nos situaba a comezos do século pasado.



A Recacha de Casalderado